Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,205 km, coa orixe na L.M.T.S. a C.T. Cubeliños, condutor tipo RHZ1 12/20 kV 3(1x240) Al, e final na mesma liña unha vez entre e saia do C.T. proxectado.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Ribeira.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 1 de xullo de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Departamento Territorial da Coruña

*Expediente número IN407A 274/2009*

**Acordo do 1 de xullo de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita (expediente IN407A 274/2009).**

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Enderezo social: Avda. de Arteixo, 171, 15007 - A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.S. Vilaboa, n.º 65.

Situación: concello de Culleredo.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,210 km, coa orixe en empalmes a realizar na L.M.T.S. SMC-705, tramo entre o C.T. Vilaboa, n.º 44 e o C.T. Praza do Souto, condutor tipo RHZ1 12/20 kV 3(1x240) Al, e final no C.T.S. avda. de Vilaboa, n.º 65 proxectado.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Culleredo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 1 de xullo de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

#### Departamento Territorial da Coruña

*Expediente número IN407A 278/2009*

**Acordo do 1 de xullo de 2009, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita (expediente IN407A 278/2009).**

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE n.º 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE n.º 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Electra del Jallas, S.A.

Enderezo social: Pza. de Constitución, 17, 15270 - Cee (A Coruña).

Denominación: Adecuación L.M.T. derivada ao C.T. Salto.

Situación: concello de Muros.

Características técnicas:

Líña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,714 km, coa orixe en apoio da L.M.T. Outes-Muros, condutor tipo LA-56/54,6 mm<sup>2</sup>, e final no apoio da L.M.T., C.T. Salto. Concello de Muros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 1 de xullo de 2009.

Tristana Moraleja Gómez

Xefa territorial da Coruña

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación

*Servizos necesarios para a información o público nos procesos de valoración colectiva de carácter xeral do catastro urbano para o concello de Noia*

ANUNCIO DE PROCEDIMIENTO ABIERTO CON MULTIPLICIDAD DE CRITERIOS DE VALORACION

#### 1. ENTIDADE ADXUDICATARIA

- ORGANISMO: Excm. Deputación Provincial de A Coruña.
- DEPENDENCIA QUE TRAMITA O EXPEDIENTE: Patrimonio e Contratación.
- NÚMERO DE EXPEDIENTE: 6618/2009

**2. OBXECTO DO CONTRATO:** CONTRATACIÓN DA PRESTACION DOS SERVIZOS NECESARIOS PARA A INFORMACIÓN O PÚBLICO NOS PROCESOS DE VALORACIÓN COLECTIVA DE CARÁCTER XERAL DO CATASTRO URBANO PARA O CONCELLO DE NOIA.

**3. PRAZO DE EXECUCIÓN:** a partir de data da formalización do contrato administrativo e, en todo caso a partir del 1 de octubre de 2009 e ata o 31 de decembro de 2009

#### 4. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

- Tramitación: ORDINARIO
- Procedemento: ABERTO
- Forma: PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACION

#### 5. PRESUPOSTO DE LICITACIÓN

O importe maximo a aboar pola Deputación ascende a cantidade de 16.000,00€ (IVE engadido).

#### 6. GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe

#### 7.- GARANTÍA DEFINITIVA

5% do prezo de adxudicación IVE excluído

#### 8. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

- Clasificación: non se esixen
- Outros requisitos: non se esixen.

#### 9. PRESENTACIÓN DE OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

a) Data límite de presentación de ofertas: nas horas de oficina de 9.00 a 13.00 horas dentro do prazo de 15 días naturais contados dende o seguinte ao da derradeira publicación do anuncio de licitación no BOP ou no perfil do contratante ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es))

b) Presentarase en 3 sobre pechados

A.- SOBRE A.- Subtitulado "Documentación".

Conterá a documentación esixida na cláusula 12ª do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares

B).- Sobre B.- Subtitulado "Referencias Técnicas".

Conterá a documentación esixida na cláusula 12ª do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares

C).- Sobre C.- Subtitulado "Oferta económica"

Conterán a oferta económica axustada ao modelo da cláusula 12ª do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares

#### 10. GASTOS DE ANUNCIOS

Os gastos correspondentes aos anuncios da licitación serán por conta do adxudicatario.

A Coruña, a 23 de xullo de 2009

O PRESIDENTE

Asdo. SALVADOR FERNANDEZ MOREDA

O SECRETARIO

Asdo. JOSE LUIS ALMAU SUPERVIA

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

##### *Aprobación inicial do orzamento de 2009*

En sesión celebrada polo Pleno do Concello o día 27 de xullo aprobouse inicialmente o orzamento xeral, as bases de execución, a plantilla e o catálogo de postos de traballo do Concello para o exercicio 2008. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, e por un prazo de quince días hábiles, co fin de que durante este os interesados poidan formular as reclamacións que consideren oportunas, debendo dirixirse as mesmas ao alcalde-presidente da Corporación.

En Abegondo, a 27 de xullo de 2009.

O alcalde-presidente

José A. Santiso Miramontes

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Contratación do servizo de conservación e mantemento do parque da Peregrina e do paseo fluvial de Bertamiráns (Ames) reservado a centros especiais de emprego*

#### ANUNCIO DE CONTRATACIÓN DE SERVIZO

##### 1.- Entidade adxudicataria:

- a) Organismo: Concello de Ames
- b) Dependencia que tramita o expediente: servizo de contratación

##### 2.- Obxecto do contrato:

- a) É a contratación do servizo de conservación e mantemento do parque da Peregrina e do paseo fluvial de Bertamiráns (Ames) reservado a centros especiais de emprego.
- b) División por lotes e número: Non
- c) Lugar de execución: Concello de Ames.
- d) Prazo de execución: Un ano de execución, poidéndose prorrogar por outra anualidade máis.

##### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: varios criterios de adxudicación.

##### 4.- Orzamento base de licitación: Establécese un orzamento de 2,40 €/m<sup>2</sup> de superficie total.

Valor estimado do contrato, sen incluír o IVE: 108.000,00 €

IVE: 17.280,00 €

##### 5.- Garantía provisional: Non se esixe

##### 6.- Obtención de documentación e información

- a) Entidade: Concello de Ames.
- b) Domicilio: praza do Concello s/n- Bertamiráns
- c) Localidade e código postal: Ames ( A Coruña) 15.220
- d) Teléfono: 981 883002
- e) Telefax: 981883925
- f) Data límite de obtención de documentos e información: ata á data de finalización de presentación de proposicións.

##### 7.- Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

Presentación de ofertas: Os licitadores poderán presentar as proposicións no rexistro xeral do Concello de Ames, ata as 14:00 horas no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ó da derradeira publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia.

- a) Documentación a presentar: A sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) Lugar de presentación: Rexistro do Concello de Ames.
  - 1. Entidade: Concello de Ames
  - 2. Domicilio: Praza do Concello s/n-Bertamiráns.
  - 3. Localidade e código postal: Ames (A Coruña) 15.220
- c) Admisión de variantes (concurso): non se admiten.

##### 8.- Apertura das ofertas.

- a) Entidade: Concello.



b) Domicilio: Praza do Concello s/n – Bertamiráns

c) Localidade: Ames.

d) Data e hora: Indicarase cunha antelación mínima de 2 días hábiles no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello.

**9.- Gasto de anuncios.** Importe máximo: 1500 €

**10.- Portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos:** [www.concellodeames.org](http://www.concellodeames.org).

Ames a 27 de xullo de 2009,

O alcalde

Carlos A. Fernández Castro

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A BAÑA

##### *Convocatoria para o cargo de xuíz de paz*

O Pleno da Corporación deste Concello da Baña na súa sesión ordinaria de data 27 de maio de 2009 acordou aprobar a convocatoria pública para cubrir a vacante de Xuíz de Paz deste Concello que se axustará ás seguintes Bases:

“Primeira.- Os veciños/as deste Concello que estean interesados/as no cargo, que reúnan as condicións legalmente establecidas e non incorran nas causas de incompatibilidade previstas na Lei orgánica do poder xudicial, presentarán na Secretaría deste Concello, solicitude por escrito no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañada dos seguintes documentos:

a) Fotocopia do DNI.

b) Declaración responsable na que consten os seguintes extremos:

- Que non foi condenado por delito doloso ou, no seu caso, que se obtivo a rehabilitación.

- Que non está procesado ou inculcado por delito doloso.

- Que está en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

- Que é español, maior de idade, non está impedido física ou para a función xudicial e que vai residir nesta localidade, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza.

- Que non está incurso en ningunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición previstas nos arts. 389 a 397 da Lei orgánica do poder xudicial.

- Profesión que exerce.

c) Certificado de penais, expedido pola Xerencia do Ministerio de Xustiza.

Ante as dúbidas que se susciten a Alcaldía poderá requirir a presentación de documento idóneo que acredite os extremos anteriores, sen prexuízo da responsabilidade que tivese lugar.

Segunda.- A presente convocatoria farase pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios deste Concello, taboleiro de anuncios do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Negreira e taboleiro de anuncios do Xulgado de Paz desta localidade.

Terceira.- As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido serán sometidas á consideración do Pleno do Concello na primeira sesión que realice para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum da maioría absoluta.”

O que se fai público para xeral coñecemento, na Baña o 10 de xullo de 2009.

O ALCALDE,

Asdo.: José Andrés García Cardeso.

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Aprobación inicial modificación regulamento de axuda no fogar*

#### EDICTO

Aprobado inicialmente o polo Pleno da Corporación en sesión realizada en data 25 de xuño de 2009, a modificación do Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cabanas, de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 do 2 de abril, ábrese un período información pública polo prazo de trinta días, contados a partir da publicación deste anuncio no B.O.P, para que os interesados no procedemento poidan examina-lo expediente na Secretaría do Concello e formula-las alegacións que estimen pertinentes.

Cabanas, 20 de xullo de 2009.

O Alcalde,

Asdo.: Germán Castrillón Permuy.

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANAS

*Aprobación inicial modificación taxa polo servizo de axuda no fogar*

EDICTO

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria realizada o día 25 de xuño de 2009 acordou:

1.º.–Aprobar provisionalmente a modificación do tributo local: taxa polo servizo de axuda no fogar, así como da correspondente ordenanza fiscal reguladora.

2.º.–Someter a información pública o referido acordo e o texto da ordenanza reguladora polo prazo de trinta días a través de anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3.º.–No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, o acordo adoptado entenderase definitivamente aprobado.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Cabanas, 20 de xullo de 2009.

O Alcalde

Asdo.: Germán Castrillón Permuy

2009/11284

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMARIÑAS

*Decreto de delegación de funcións da Alcaldía*

#### ANUNCIO

En data de 21 de xullo de 2009, o señor Alcalde-Presidente deste Concello procedeu a ditar a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

“DECRETO. Por ter que ausentarme da Alcaldía o día 22 de xullo de 2009, e de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, DISPOÑO:

PRIMEIRO. Delegar as funcións da Alcaldía durante o citado día 22 de xullo de 2009 na 1ª Tenente de Alcalde, Dª Sandra Ínsua Rial.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente ós demais Tenentes de Alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto que o abaixo firmante Alcalde se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm 1 da parte resolutiva de este Decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revocada.

SEGUNDO. Notificar a presente Resolución á interesada, procedéndose a súa publicación no Taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre,

Mándao e asínao o Sr. Alcalde-Presidente, en Camariñas, a 21 de xullo de 2009”.

Camariñas, 21 de xullo de 2009

O Alcalde

Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

##### *Anuncio expropiación forzosa travesía de acceso ao cemiterio de Cambre*

##### AREA DE URBANISMO

Por Resolución da Alcaldía de data 24 de xullo do presente ano sobre o proxecto de expropiación por taxación conxunta para a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre, e unha vez transcorrida a fase de información pública do mesmo se acordou, de conformidade co artigo 143.6 da Lei 9/2202, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a seguinte:

1º.- Estimar totalmente a alegación formulada por D. José Martínez Ferreiro, na representación de Telefónica de España, S.A.U., ao proxecto de expropiación forzosa por taxación conxunta para executar a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre (finca nº 13 b), do proxecto de expropiación).

2º.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas a dito proxecto por:

- Dona Mª Luz e Don Juan Aurelio García-Garabal (finca nº 1 do proxecto de expropiación) no que a valoración da madeira exista na parcela a expropiar, que se fixa en 450 euros, e no que ao recoñecemento do 5% do premio de afección se refire, desestimando o resto da alegación por canto que a parcela non se encontra no soposto do solo urbanizado equiparable a un solo urbano consolidado ao encontrarse na situación básica do solo rural, xa que non esta integrado de forma legal e efectiva na rede de dotacións e servizos propios dos núcleos de poboación, de conformidade co artigo 12 do Texto Refundido da Lei do Solo, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2008.

- D. Julio Naveira Pedreira, en representación dos herdeiros de D. José Pérez Pulian (finca nº 2 do proxecto de expropiación) no que a valoración da arboleda existente na finca se refire estimándose ésta en 1.886,45 euros, polo que se incrementa en 1.165,25 euros o importe recollido na folia de aprecio sobre as árbores, desestimando o resto da alegación por canto que o tipo de interés empregado para a capitalización da renda no proxecto expropiatorio é do 5,5%, superior pois ao de 3,96% recollido e solicitado na alegación e por canto que a corrección ao alza do valor do solo solicitada pola fácil accesibilidade a un núcleo de poboación da explotación rural non está xustificada como esixe o artigo 23.1 a) do Texto Refundido da Lei do Solo.

- Dona Aurora Mª López Vidal (finca nº 18 do proxecto de expropiación) no que a modificación do trazado da travesía a altura do nº 7 da Agra de Samosteiro se refire para evitar así que as escaleiras de acceso a vivenda sexan afectadas ao igual que o acceso rodado a parcela, polo que se reduce en 10,58 m<sup>2</sup> a superficie a expropiar quedando ésta pois en 40,21 m<sup>2</sup> e o valor de expropiación en 8.223,16 euros, desestimando o resto da alegación por canto non está xustificada o incremento da valoración do magnolio e a camelia existentes pola súa antigüedad aproximada de 40 anos.

- Don Ricardo Salafranca Caruncho e dona Paloma Caruncho Molina (finca nº 12 do proxecto de expropiación) no que se refire a redución da superficie a expropiar da parcela da súa propiedade, quedando ésta reducida a 432,44 m<sup>2</sup>, por enriba pois da parcela mínima de 400 m<sup>2</sup> esixida para o solo urbano residencial de baixa densidade, e quedando a superficie a expropiar en 258,56 m<sup>2</sup> tal e como se reflexa no plano anexo ao informe técnico realizado sobre a alegación. Na parcela agora a expropiar non se encontran as árbores valoradas na folia de aprecio nin solera de formigón polo que se excluen do prezo xusto.

3º.- Desestimar as alegacións formuladas a dito proxecto por:

- D. Carlos Cubeiro Caramelo (finca nº 8 do proxecto de expropiación), polos seguintes motivos: a valoración de un solo rural se realiza mediante a capitalización da renda anual real ou potencial da explotación, de conformidade co artigo 23 do Texto Refundido da Lei do Solo, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2008 e non polo precio pagado en escritura de compravenda ou polo valor catastral que a efectos tributarios a parcela poda ter, sen que tampouco se poida ter en conta a corrección ao alza ata o dobre do valor do solo pola accesibilidade a un núcleo de poboación por canto que non está xustificada a ventaxa de tal accesibilidade ao núcleo de Cambre para unha explotación rural que por outra parte non existe, como sinala o artigo 23.1a) do Texto Refundido indicado no seu parágrafo terceiro.

- Dona María Velo Louzan, na representación de dona Purificación Gómez Pose (fincas nsº. 7 y 16c) do proxecto de expropiación), polos seguintes motivos: a enumeración dos posibles vinteseis herdeiros non desvirtúa a que a titularidade de ditas fincas sexa a de "Herdeiros de Anselmo Gómez Mallo" como así se indica no proxecto expropiatorio, cando ademais a herdanza está pendente da división xudicial.

- D. Juan Francisco López Vidal (finca nº 17 do proxecto expropiatorio), polos seguintes motivos: nin se xustifica a titularidade rexistral dos 15,37 m<sup>2</sup> reclamados que se encontran fora do cerramento da finca nin se acompaña levantamento

topográfico actualizado que o documento, nin se xustifica que o precio do metro cadrado do muro do cerramento sexa de 49 euros como se pretende.

- D. José Antonio Souto Varela (finca nº 10 do proxecto de expropiación), polos seguintes motivos: ademais de presentarse fora de prazo, se basa na valoración dunha serie de construcións e instalacións non axustadas a legalidade por canto que a única construción con licenza concedida é un cerramento de 45 metros de longo por 1 metro de altura de tea metálica (exp. nº 86/94) que non garda a distancia marcada de 6 metros ao eixo do camiño, determinando o artigo 22.3 do Texto Refundido da Lei do Solo que se taxaran as construcións e instalacións no solo rural sempre que se axusten a legalidade ao tempo da valoración, por outra parte non se pode valorar como solo urbanizado o que non o é, de conformidade co artigo 12.2 do mesmo texto legal, nin se pode incrementar a superficie a expropiar en 15 m<sup>2</sup> cando non se xustifica rexistralmente a titularidade da mesma.

4º.- Aprobado definitivamente o proxecto de expropiación forzosa por taxación conxunta para executar a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre aprobado inicialmente por Resolución da Alcaldía nº 619/2009, de data 23 de abril de 2009, e as taxacións das fincas nel contidas, coa incorporación das rectificacións derivadas da estimación das alegacións indicadas nos apartados anteriores, nos termos que a seguir se relacionan:

- Na parcela nº 1 do proxecto de expropiación, a nome de dona M<sup>a</sup> Luz Eiroa García-Garabal, se incrementa o xustiprezo en 450 euros polas árbores existentes na mesma, pasando pois o importe total do mesmo a ser de 10.783,40 euros.

- Na parcela nº 2 do proxecto de expropiación, a nome de don José Pérez Pulián, se incrementa o prezo xusto en 1.165,25 euros polas árbores existentes na mesma, pasando pois o importe total do mesmo a ser de 11.444,56 euros.

- Na parcela nº 12 do proxecto de expropiación, a nome de don Ricardo Salafrañca Caruncho e dona Paloma Caruncho Molina, se reduce a superficie a expropiar en 259,47 m<sup>2</sup> pasando a ser a superficie total da parcela a expropiar de 258,56 m<sup>2</sup> e reducíndose por elo o importe do prezo xusto en 40.703,21 euros, pasando a ser pois o importe total do prezo xusto a abonar de 40.265,55 euros.

- Na parcela nº 13-b) do proxecto de expropiación, a nome de Telefónica de España, S.A.U., se incrementa a superficie a expropiar en 178 m<sup>2</sup> que conforman o denominado "camino al campo de fútbol" pasando a ser a superficie total da parcela a expropiar de 326,06 m<sup>2</sup> e o importe total do xustiprezo a abonar de 7.173,32 euros, mantendo na súa ubicación actual como servidume as toma de terra (T.T.) de electrodo profundo e a súa correspondente conexión eléctrica.

- Na parcela nº 18 do proxecto de expropiación, a nome de dona Aurora López Vidal, se reduce a superficie a expropiar en 10,58 m<sup>2</sup>, pasando a ser a superficie total da parcela a expropiar de 40,21 m<sup>2</sup> e reducíndose por elo o importe do xustiprezo en 1.647,62 euros, pasando a ser pois o importe total do xustiprezo a abonar de 8.223,16 euros.

- Os prezos xustos de cada unha das parcelas do proxecto de expropiación se incrementarán no 5% como premio de afección, de conformidade co artigo 47 da Lei de Expropiación Forzosa.

5º.- Notificar esta resolución aos titulares de bens e dereitos afectados por este expediente de expropiación, concedéndolles un prazo de vinte días durante o cal poderán manifestar por escrito ante esta Alcaldía a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, de conformidade cos artigos 143-7 de Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 202-7 do Regulamento de xestión urbanística.

No caso de que se presente tal disconformidade darásese traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, co fin de fixar o prezo xusto que, en todo caso, realizarase de conformidade cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente, de conformidade co segundo parágrafo do artigo 143-7 da Lei 9/2002 indicada.

Si os interesados non formularsen oposición a valoración no citado prazo de 20 días entenderásese aceptada a que se fixe neste acto de aprobación do expediente expropiatorio, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade, tal e como sinala o apartado 8º do artigo 143 antes indicado.

6º.- Esta resolución implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co artigo 144-1 da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

En base a elo procédase ao pago ou depósito do importe da valoración determinada que producirá a inmediata ocupación dos bens e dereitos relacionados no proxecto de expropiación, sen perxuízo de continuar coa tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto si é que elo procedera, de conformidade cos artigos 144-2 da indicada Lei 9/2002 e 52-6 da Lei de expropiación forzosa.

7º.- Dar traslado da presente resolución a Intervención e Tesoureiría municipais aos efectos oportunos e para que se proceda ao libramento das ordenes de pago correspondentes a cada un dos prezos xustos aprobados con esta resolución e determinados no proxecto de expropiación forzosa en cuestión, como paso previo a entrega ou consignación dos mesmos.

8º.- Anunciar no Boletín Oficial da Provincia a presente resolución co fin de que surta os efectos previstos no artigo 59.4 e 5 da Lei 30/1992, de Rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para aqueles interesados descoñecidos ou con domicilio descoñecido ó aos que non se lles poida practicar a correspondente notificación.

9º.- Notificar a presente resolución ao Ministerio Fiscal aos efectos previstos no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa para todos aqueles interesados descoñecidos ou con domicilio descoñecido que non compareceron no expediente expropiatorio.

De conformidade co establecido no artigo 59.4 e 5 da Lei 30/92, de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por medio do presente anuncio se notifica esta resolución aos propietarios descoñecidos ou con domicilio descoñecido que figuran no expediente expropiatorio (DOGA nº 99, de 22 de maio de 2009) así como a aqueles outros interesados aos que non se lles poida practicar a correspondente notificación.

O que se fai público para xeral coñecemento, informando que contra esta Resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que o ditou (artigo 117 da Lei 30/1992).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao recibo da presente notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro que estime procedente.

Cambre, 27 de xullo de 2009

O Alcalde,

Asdo.: Antonio Varela Saavedra



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CAPELA

*Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 2/2009*

#### ANUNCIO

Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 2/2009, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe de cincocentos cincuenta e nove mil novecentos setenta e un euros e corenta e catro céntimos de euro (559.971,44 €), consonte ó preceptuado, e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, faise público que despois de dito expediente o resumo por capítulos do estado de gastos queda do seguinte xeito:

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
CAPITULO I	GASTOS DE PERSOAL	472.516,50
CAPITULO II	GASTOS EN BENS C. E SERVICIOS	442.134,59
CAPITULO III	GASTOS FINANCIEROS	6.800,00
CAPITULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.000,00
CAPITULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	1.107.367,55
CAPITULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAPITULO VIII	VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
CAPITULO IX	VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	7.023,32
TOTAL		2.050.841,96

A Capela, 21 de xullo de 2009.

O alcalde

Angel López Sueiro

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEDEIRA

*Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, composición do tribunal cualificador e data da primeira reunión do proceso selectivo para a integración de auxiliares de policía no Corpo de Policía Local relativa á OPE do ano 2008*

#### ANUNCIO

Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, composición do tribunal cualificador e data da primeira reunión do proceso selectivo para a integración de auxiliares de policía no Corpo de Policía Local relativa a oferta pública de emprego do ano 2008.

Vistas as “ Bases da convocatoria dun proceso selectivo para a integración de auxiliares de Policía no Corpo de Policía Local. Praza vacante de Garda da Policía Local incluída na oferta de emprego público do ano 2008”, aprobadas por Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24 de marzo de 2009.

Visto escrito de data 23 de marzo de 2009 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública con rexistro de entrada no concello de Cedeira núm. 2.880 de data 26 de marzo de 2009, polo que se propón titular e suplente para formar parte da Comisión seleccionadora do tribunal que vai xulgar o proceso selectivo de integración de auxiliares de policía no Corpo de Policía Local do Concello de Cedeira.

Visto informe emitido en data 22 de xullo de 2009 polo funcionario encargado do Rexistro Xeral do Concello.

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aproba-la seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos:

Don Juan Carlos Pérez Freire

**Segundo.-** Aprobar a composición do Tribunal Calificador segundo o disposto na base sétima das bases da convocatoria dun proceso selectivo para a integración de auxiliares de Policía no Corpo de Policía Local. Praza vacante de Garda da Policía Local incluída na oferta de emprego público do ano 2008 ,como segue:

Presidente: D. José Antonio Cendán Dopico, Inspector da Policía Local do concello de As Pontes de García Rodríguez.

Suplente: D<sup>a</sup> Isabel Rodríguez Fraga, Policía Local do concello de Cabañas

Secretario: D. José Ramón Bacorelle Robles, Oficial da Policía Local do concello de Valdoviño.

Suplente: D. Vicente Quintana Cornide, Policía Local do concello de Ortigueira

Vogal: D. Juan José Sanmartín González, Oficial da Policía Local do concello de Fene.

Vogal: D. Moisés Corral Merino, Policía Local do concello de Narón.

Vogal: D. Alberto Díaz García, Policía Local do concello de Cedeira.

Suplentes de Vogal:

D. Gustavo Adolfo Saavedra Illanes, Policía Local do concello de Cedeira

D. Luis Angel Díaz Vázquez, Policía Local do concello de Cariño.

D. José Antonio Barro Prada, Policía Local do concello de Ferrol

Psicólogo: D. Eduardo Jose Anoeta Rodríguez

Médico: D. Jose Manuel González Felpeto

Suplente: D. Jesús Quintana Yáñez

**Terceiro.-** Fixar a data para a primeira reunión dos membros da comisión seleccionadora para o desenvolvemento da fase oposición e o primer exercicio da fase oposición os seguintes:

Lugar: Concello de Cedeira.

Data: 24 de agosto de 2009.

Hora: 10:00 horas.

Cedeira, 23 de xullo de 2009

O ALCALDE,

Asdo.: Jose Luis Vergara Rey

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEE

*Expediente sancionador instruído pola policía local*

#### ANUNCIO

De conformidade co disposto nos arts. 59 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, faise pública a notificación da iniciación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos pola Unidade de Sancións da Policía Local deste Concello, ás persoas que a continuación se relacionan, xa que téndose intentado a notificación no derradeiro domicilio coñecido, esta non se puido practicar.

Os correspondentes expedientes obran nas oficinas da Policía Local do Concello de Cee, perante a cal lles asiste o dereito de alegar por escrito o que, na súa defensa, estimen conveniente, con aportación ou proposición das probas que consideren oportunas, dentro do prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Transcorrido o dito prazo sen que se formulen alegacións ou se aporten probas, dítanse as oportunas resolucións.

EXPEDIENTE	DENUNCIADO	LOCALIDADE	DATA DENUNCIA	CONTIA (€)	PRECEPTO INFRINXIDO	ARTº
000092C	MANUEL FERNANDEZ LAGO	CARNOTA	31/05/2009	300	RXC	91.2
000106D	CRISTOBAL CAAMAÑO RODRIGUEZ	CEE	19/04/2009	450 Puntos: 6	RXC	3.1 2A
000114H	Mª DOLORES RODRIGUEZ CAAMAÑO	CEE	12/02/2009	90	RXC	154.2A
000094C	Mª DOLORES RODRIGUEZ CAAMAÑO	CEE	31/05/2009	90	RXC	94.2

CEE, 24 de xullo de 2009

O alcalde

Ramón Vigo Sambade

2009/11291

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Asesoría Xurídica

*Aprobación inicial do Regulamento orgánico para a organización e funcionamento da Asesoría Xurídica do Concello da Coruña*

##### ANUNCIO

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria do día 6 de xullo de 2009, adoptou acordo de aprobación inicial do Regulamento Orgánico para a organización e funcionamento da Asesoría Xurídica.

O que se fai público para xeral coñecemento, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para que no prazo de 30 días hábiles a partir desta publicación, poidan presentarse reclamacións, suxestións ou alegacións no rexistro xeral do Concello ou naquelas formas e modos previstos na Lei.

Se transcorrido dito prazo non se teñen presentado, o acordo adoptado considerárase aprobado con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo, procedendo neste caso á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

A Coruña, 13 de julio de 2009.

A Segunda Teniente de Alcalde.

D<sup>a</sup>. Carmen Marón Beltrán

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Servizo de Rehabilitación Urbana e Vivenda

*Urbanismo expedientes*

#### ANUNCIO

En cumprimento do establecido nos artigos 59.5 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, notifícase o seguinte Decreto aos destinatarios que se indican a continuación:

- Rehabilitación Inmobiliaria San Andrés S.L.

Polo Concelleiro responsable de Rehabilitación Urbana e Vivenda, con data 11 de marzo de 2009, ditouse o seguinte:

#### “DECRETO

Visto o informe da Xefa do Servizo de Arquitectura, Vivenda e Rehabilitación de data 26 de febreiro de 2009 que antecede ao presente Decreto e en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de acordo coa delegación realizada a xeito de Decreto con data de 21 de xuño de 2007,

#### DISPOÑO

1.- Incoar expediente de execución forzosa e impoñer unha multa coercitiva de 1.500 € a REHABILITACIÓN INMOBILIARIA SAN ANDRÉS S.L., con CIF B15156532, propietaria do inmovible sito en rúa Orzán 192, por non cumprir a orde de obras urxentes recollida no Decreto do 3 de xullo de 2008. A devandita contía, deberá de ser ingresada na Caixa Municipal antes do último día hábil do mes seguinte ao de recibir a presente notificación, advertíndoo que de non o facer se lle exaccionará en vía de constrinximento.

2. - Reiterar a orde de adopción de medidas de seguridade indicadas no informe técnico. As medidas adoptadas comunicaranse a esta Oficina municipal de Rehabilitación para a súa avaliación técnica nun prazo non superior a CINCO DÍAS días.

3. - Con independencia do anterior, a propiedade deberá presentar na Oficina Municipal de Rehabilitación e Vivenda situada no Centro de Ocio do Porto (Avda. Alférez Provisional s/n), no prazo de DOUS MESES proxecto técnico visado e elaborado por arquitecto con relación á rehabilitación e conservación xeral do inmovible.

4. - Advírtese aos propietarios do inmovible que, transcorrido o prazo e en caso de incumprimento da orde de execución sen executala, poderase proceder á súa execución subsidiaria ou á reiteración das multas coercitivas, sen necesidade de nova audiencia, ata lograr a execución das obras ordenadas. Así mesmo, poderá iniciarse o procedemento expropiatorio previsto na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e do Medio Rural de Galiza, unha vez declarado o incumprimento de deber de rehabilitar

A Coruña, 11 de marzo de 2009

O ALCALDE, PD.

O CONCELLEIRO RESPONSABLE DE REHABILITACIÓN URBANA E VIVIENDA.

Asdo: Mario López Rico.(asinado)”

Contra o referido Decreto, que é firme en vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte aquel en que se practique a notificación (art. 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa do 13 de xullo de 1998).

Se ben, previamente cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o propio órgano que ditou o acto ou acordo no prazo de un mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo empezará a contarse dende a notificación da resolución desestimatoria, se fose expresa ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

Non obstante poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente.

Así mesmo, achégase copia do informe da Xefa do Servizo de Arquitectura, Vivenda e Rehabilitación que serviu de base para a elaboración do presente Decreto.

A Coruña, a 03 de julio de 2009

O CONCELLEIRO RESPONSABLE DE REHABILITACIÓN URBANA E VIVENDA

Asdo.: Mario López Rico

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Economía, Facenda, Réxime Interior

###### *Aprobación inicial ordenanza fiscal nº 22*

O Pleno municipal, en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2009, aprobou provisoriamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público por empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo expónse ao público por un prazo de trinta días a contar a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante este período, tódolos interesados poderán examinar o expediente nas oficinas municipais e presentar, no seu caso, as reclamacións que consideren oportunas.

No suposto de non se presentaren reclamacións no prazo indicado, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Culleredo, 28 de xullo de 2009

O concelleiro de ordenanzas e orzamentos

Diego Taibo Monelos

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Economía, Facenda, Réxime Interior

###### *Aprobación inicial expediente modificativo de crédito*

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de xullo de 2009 aprobou inicialmente un expediente de suplemento de crédito e de transferencia de crédito entre distintos grupos de funcións; en cumprimento do disposto no artigo 177 apartado segundo en relación co 169 do real decreto legislativo 2/2004, exponse ó público nos servizos económicos municipais durante un prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes. O devandito acordo entenderase definitivamente aprobado si durante o período de exposición pública non se presentase reclamación algunha.

Culleredo, 28 de xullo de 2009

O concelleiro de orzamentos e ordenanzas

Diego Taibo Monelos

2009/11473

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CURTIS

##### *Licenza de actividade*

Neste Concello estase tramitando o expediente correspondente á obtención de licenza de apertura da seguinte actividade:

Carpinteiría de madeira.

Situación: avenida de Lugo, n.º 8-baixo. Teixeiro.

Solicitante: Iván Ares Sánchez.

Faise público co fin de que quen se considere afectado pola actividade poida examinalo e deducir, no seu caso, as alegacións ou observacións que teña por conveniente durante o prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á inserción deste edicto no BOP

Curtis, Teixeiro, 21 de xullo de 2009.

O alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

2009/11168



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Intervención

*Anuncio de cobranza do padrón anual do servizo de saneamento correspondente ao exercicio 2008*

Por resolución da Alcaldía núm 484/2009, de data 2 de xullo, apróbase o padrón anual de saneamento, exercicio 2008.

**Exposición:** o padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente Edito no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

**Recursos:** durante o prazo de exposición pública as persoas interesadas poderán examinalo e formular, contra os actos que se notifiquen, perante a Alcaldía, o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no PRAZO DUN MES, contado desde o día seguinte ao da finalización do devandito período de exposición pública do padrón fiscal. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do texto refundido da Lei das FLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Nembargantes, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Período de cobro:** o prazo de cobro en período voluntario será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública.

Transcorrido este prazo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Carga de recibos domiciliados:** os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDITO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación e 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Fene, 16 de xullo de 2009.

O alcalde

Asdo.: Iván Puentes Rivera

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Publicación resolucions Alcaldía num 474/2009 - 475/2009 -476/2009 -481/2009 - 482/2009 -483/2009*

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 474 /2009.

Resultando que por Resolución desta Alcaldía núm. 627/2007, de data 27 de xuño de 2007, acordouse nomear, entre outros, como Tenentes de Alcalde aos /ás Concelleiro/a Don Manuel Polo Gundín e Dona Rita María Couto Sejjido.

Resultando que por Resolución da Alcaldía núm. 170/2009, de data 9 de marzo de 2009 acordouse modificar a orde de nomamentos de Tenente de Alcalde efectuada pola Resolución anteriormente citada .

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985,de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de decembro, de Administración Local de Galicia e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os Tenentes de Alcalde son libremente nomeados e cesados de entre os membros da Xunta de Goberno Local

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente:

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar como Tenentes de Alcalde ao/á Sr/a Concelleiro/a Don Manuel Polo Gundín e Dona Rita María Couto Sejjido.

Segundo.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ao/á interesado/a e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partires do día da data.

Fene, un de xullo de dous mil nove.

O ALCALDE

D.S.O

A SECRETARIA

Asdo: Iván Puentes Rivera.

Asdo: Pilar María Pastor Novo

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 475 /2009

Resultando que en data 27 de xuño de 2009 por Resolución desta Alcaldía número 625/2007 acordouse nomear, entre outros, como membros da Xunta de Goberno Local ao Concelleiro Don Manuel Polo Gundín e á Concelleira Dona Rita María Couto Sejjido.

Considerando que corresponde ao Alcalde e nomeamento e cese dos membros da Xunta de Goberno Local.

Visto o disposto no artigo 52.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento réxime Xurídico das entidades Locais, segundo o cal o Alcalde pode cesar libremente , en todo momento, a calesquera membros da Xunta de Goberno local.

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar como membros da Xunta de Goberno Local ao Concelleiro Don Manuel Polo Gundín e á Concelleira Dona Rita María Couto Sejjido.

Segundo.- Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándose ademais ao/á interesado/a, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partires do día da data.

Fene, un de xullo de dous mil nove.

O ALCALDE

D.S.O.

A SECRETARIA

Asdo: Iván Puentes Rivera

Asdo: Pilar María Pastor Novo.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 476/ 2009.

Resultando que por Resolución da Alcaldía núm. 663/2007, de data 9 de xullo de 2007 acordouse efectuar, entre outras delegacións, a delegación xenérica da área de dinamización social, benestar e igualdade a prol da Concelleira Dona Rita María Couto Sejjido, e da área de facenda e promoción económica a prol do Concelleiro Don Manuel Polo Gundín.,

Resultando que nesa mesma Resolución acordouse conferir, de conformidade co disposto no artigo 43.5 do R.O.F. nos/as Concelleiros Don Edgar Antonio Vigo López, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín e Dona Inés Roca Requeijo as delegacións especiais dos servizos de cultura e ensino (intergrados na área de dinamización social, benestar e igualdade), dos servizos de tráfico, policía local e protección civil ( integrados na área de Organización e Seguridade) e dos servizos de servizos e mantementto (integrados na área de desenvolvemento territorial ), respectivamente.

Resultando que por Resolución da Alcaldía núm. 171/2009, de data 6 de marzo de 2009, adoptouse, entre outros, o acordo de modifica-la delegación especial efectuada a prol do Concelleiro Don Manuel Vicente Pico Sanmartín por Resolución de data 9 de xullo de 2007, e conferir , de conformidade co disposto no artigo 43.5 do R.O.F. a prol do citado Concelleiro a delegación dos servizos de seguridade ( seguridade cidadá. control e ordenación do tráfico en vías urbanas, protección civil e policía local) (integrados na área de Organización e Seguridade).

